

PLAN DE BIBLIOTECA

✓ ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

- Marín Valle, M^a Victoria, Coordinadora do equipo de Dinamización da Biblioteca, con cinco horas de adicación á mesma.
- Equipo de mestres, unha hora de adicación semanal:
 - Alonso Alves, Karla Andreina.
 - Fernández Calleja, Silvia.
 - González González, David.
 - Macía González, Marcos.
 - Pazos Pascual, Cristina.
 - Prada Rodríguez, Modesto.

Segundo as instrucións da Consellería, dende o centro asígnase o 5% do orzamento á Biblioteca. **Teranse en conta en todo momento de cara á organización da biblioteca este ano as medidas de seguridade con respecto ao uso das bibliotecas escolares nesta situación actual que vivimos co covid-19.**

✓ DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS, INTEGRACIÓN NO CURRÍCULO E DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

* Informar ao profesorado de todo o material novo que chega ao centro e a súa relación co currículo. Farase a través do correo electrónico, reunións de claustro, reunións adicadas a biblioteca unha vez ó mes e a través do blog que imos por en funcionamento na web do centro.

*Escoitar as suxestións do profesorado para a compra de material que contribúan ao traballo do currículo e súa mellora.

*Charlas puntuais para explicacións sobre temas puntuais: presentacións de popostas, exposición da compra de material, organización de actividades,...

*Charlas co alumnado sobre: uso de Internet, recursos do blog...

*Orientar ao profesorado sobre os diferentes materiais curriculares que pode utilizar na Hora de ler.

*Información aos titores/as de material sobre temáticas diversas (prensa,revistas).

✓ FORMACIÓN DE USUARIOS E ACCESO Á INFORMACIÓN

*Charlas formativas e informativas por titoría sobre un correcto uso de Internet e do blog de biblioteca do centro.

*Continuar inventariando os fondos da Biblioteca. Isto conleva tarefas como catalogalos, incluílos en MEIGA, programa que automatiza o catálogo da biblioteca.

*Adquisición de fondos. A tarefa principal consistiría en facer un listado de deficiencias e intentar subsanalas.

*Realizar un expurgo de obras que estén xa desfasadas e en mal estado. Esta tarefa é prioritaria.

✓ FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR

*Propostas de actividades por centros de interese e en función de datas significativas.

*Xogos nos que o alumnado teña como referencia os libros e a lectura nas súas aulas.

*Continuar coas proxeccións de curtametraxes e destacar a súa relación coa lectura.

*Participar nas tarefas propostas polas administracións, concello,...

*Continuar coas suscripcións ás revistas infantís.

✓ CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Ó longo do curso, os membros e a coordinadora do Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar e a CCP., deberán facer un seguimento e avaliación das actuacións que se desenvolven na biblioteca, en relación coa competencia lectora e o fomento do hábito lector.

Analizaranse tamén outros aspectos:

-A Hora de ler.

-O grao de utilización do servizo de préstamo(Estadística do Meiga)por parte da coordinadora e membros do equipo de biblioteca.

-A idoneidade das actividades realizadas e dos recursos empregados.

-A colaboración e participación nas actividades organizadas.

-As suxestións dos usuarios.

- A temporalización das diferentes actuacións.
- A coordinación entre os diferentes equipos de profesores.
- A metodoloxía empregada.
- A integración dun tempo dedicado á promoción e comprensión lectora no traballo diario de aula.
- O grao de consecución dos obxectivos propostos.

Os titores deberán facer un seguimento do avance nas prácticas lectoras ó longo de todo o curso.

✓ INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A variedade en instrumentos, métodos utilizados e fontes de información consultadas é fundamental na avaliación do Plan. É necesario coñecer a opinión de todos os sectores implicados, polo que se farán enquisas cando sexa necesario e se valorarán os resultados.

-Elaboración da memoria final.

PLAN ANUAL DE LECTURA

FOMENTO DO HÁBITO LECTOR NA AULA

A finalidade primordial do Plan de Lectura é fomentar o hábito e o gusto pola lectura e contribuir a mellorar a práctica da lecto-escritura.

Os obxectivos xerais son os seguintes:

- Potenciar a comprensión lectora dende tódalas áreas do currículo.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Despertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de disfrute persoal.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do entorno.
- Promover entre os alumn@s o uso cotián da biblioteca, que comprendan a súa importancia para a aprendizaxe e o disfrute lector, e valoren a importancia de coidar e conservar os libros.
- Incorporar as tecnoloxías da información e a comunicación no día a día do centro escolar, de forma que os alumn@s aprendan a utilizalas e a analizar a información que se obtén delas de forma crítica.

Na aula debe reinar un clima lector, polo que hai que establecer os tempos e espazos axeitados. Ler todos os días, falalos de lecturas, preguntalos polo que len, aconsellos sobre os intereses e necesidades..., contribúen ao desenvolvemento do hábito lector. Preséntanse a continuación unha serie de actividades para desenvolver na aula:

Educación Infantil:

*Formar a Biblioteca de Aula con libros da biblioteca. Escolar.

*Sesións de "contacontos" na aula tendo en conta as estratexias expostas anteriormente.

Educación Primaria:

Suxerimos as seguintes actuacións:

- Dedicar un tempo diario á lectura dentro da aula: En todas as clases haberá unha biblioteca de aula (que estará formada por unha selección de libros da Biblioteca do Centro e que se renovará con frecuencia). Os alumnos poderán elixir o libro que lles guste e poderán lelo ao concluír unha actividade ou no tempo libre.

-Lectura colectiva dun mesmo libro: Nalgúns momentos do curso podemos empregar o tempo de lectura para realizar outras actividades de animación á lectura como as propostas para o Día do Libro. As fases do desenvolvemento desta actividade poden ser:

- Ler o libro en voz alta, aclarando o significado das palabras e expresións que presenten dúbidas.
- Comentario oral e resume de cada capítulo.
- Ao remate da lectura do libro farase un comentario oral entre todos da historia lida, tendo en conta: argumento, personaxes, lugares onde transcorre a acción, época, costumes, etc.
- Cubrir unha ficha técnica do libro en que apareza: título, autor, ilustrador, editorial, argumento e comentario persoal.
- Proporcionar ao alumnado un cadro apaisado, dividido en varias viñetas; nelas debuxarán e explicarán as principais escenas do libro lido.
- Tamén se pode facer un debuxo libre sobre a escena que mais lles gustara.
- Selección dos traballos de mellor calidade.
- Elaborar un mural de exposición cos traballos seleccionados que recollerá: portada, datos do libro, argumento, cómic e debuxos sobre el.

*Lista dos libros máis lidos: Na aula, por exemplo na parte interior da porta pode colocarse unha cartolina para facer a lista "os máis lidos". A principio de curso o profesor, na cartolina colocada verticalmente, escribe nunha columna á esquerda por

orde alfabética os títulos dos libros da Biblioteca de aula. Enriba, en horizontal, o nome e o número de cada alumno. Do cruzamento de verticais (títulos) e horizontais (alumnos) sae unha cuadrícula. Nela, os alumnos, despois de ler cada obra, colocan no cadro correspondente un gomet dunha cor diferente segundo canto lles gustara.

NA BIBLIOTECA

Consideramos os seguintes obxectivos:

- Proporcionar apoio ao programa de ensinanza- aprendizaxe.
- Asegurar o acceso a unha ampla gama de recursos e servizos.
- Dotar ao alumnado das capacidades básicas para obter e usar unha grande diversidade de recursos.
- Fomentar o uso e aprecio dos pais e nais da Biblioteca como centro de documentación e lugar de formación.
- **Favorecer que as nais e pais se convirtan en modelos de bos lectores e contribúan a estimular a lectura dos seus fill@s no tempo de lecer.**

O equipo de biblioteca nas súas horas de adicación farán a catalogación dos libros novos, a expurga de libros vellos en ambas bibliotecas,realizarán a selección un por un dos libros existentes en ambas bibliotecas do centro para elaborar exhaustivamente un listado de libros por niveis para ofrecer durante todo o curso académico actual aos titores para a súa biblioteca aula e disfrute do alumnado.Farán os empréstimos pertinentes introducindo os datos no programa Meiga.

- Elaborarase e presentarse o plambe cando o publique a Xunta.
- Modificarase parte do funcionamento de ambas bibliotecas de cara ao futuro para facilitar aos neno/as o método de elección dos libros a escoller (por cores, letreiros máis axeitados a súa idade,máis motivadores e atractivos)...
- Levaráanse os lotes dos libros escollidos por aula e quedarán rexistrados por parte do equipo da biblioteca no programa Meiga o tempo que se considere oportuno e tendo en conta as suxerencias dos titores.

Con respecto aos contidos:

Os contidos do Plan de Lectura organízanse en torno aos seguintes ámbitos de competencia:

- O uso da lectura comprensiva e expresiva como ferramenta de aprendizaxe en calquera tipo de textos.
- A autonomía na elección da lectura e na práctica habitual das mesmas.
- O uso privado da lectura como un medio para satisfacer os intereses persoais no ocio e na relación con outras persoas.
- O uso da escritura como ferramenta: o alumn@ como autor/-a.

- O coñecemento dos procedementos habituais para a consulta e catalogación de libros na práctica da Biblioteca..
- O uso da linguaxe oral e das tecnoloxías da información e a comunicación como medios para fortalecer o resto dos ámbitos.

NO CENTRO EDUCATIVO

Propostas por parte do Equipo da Biblioteca de diversas actividades ao longo do curso relacionadas con distintos centros de interese e conmemoracións.

*HORA DE LER: 20 minutos ó día.

*Proxección de curtas didácticas nas aulas baseadas en libros de Literatura Infantil e Xuvenil.

*Dar a coñecer as novidades na zona de Exposicións.

*Celebración de datas significativas en base ao Calendario do Libro e da Lectura:

* Presentar contacontos tendo en conta as medidas restrictivas e organizativas entorno o covid.

OUTUBRO:

24 de outubro: Día da Biblioteca.

NOVEMBRO:

mes da ciencia.

20 de novembro de 2019: Día Universal da Infancia.

25 de novembro de 2019: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

DECEMBRO:

Do 1 ao 11 de 2019: conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.

3 de decembro de 2017: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

10 de decembro de 2019: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

XANEIRO:

30 de xaneiro de 2019. Día Escolar da non Violencia e da Paz.

FEBREIRO:

24: Día de Rosalía de Castro

MARZO:

8 de marzo: Día Internacional da Muller.

15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do consumidor.

Do 5 ao 9 de marzo: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.

ABRIL:

23: Día Mundial do Libro.

MAIO:

17 de maio: Día das Letras Galegas.

XUÑO:

5 de xuño: Día Mundial do Ambiente.

A posta en marcha de todas estas actividades está supeditada á dispoñibilidade horaria dos membros do Equipo de Dinamización da biblioteca.

APOIO AO ALUMNADO CON DIFICULTADES LECTORAS

O apoio aos alumnos xira en torno a dous eixes: a identificación das dificultades lectoras e a intervención temperá que inclúa os apoios e os reforzos. En principio estes alumnos participarán nas mesmas actividades que os seus compañeiros, e recibirán a axuda que necesiten en cada caso.